

OIOS

de aula

ANO II - Nº 14 - Maio 2014

Revista para as familias do alumnado

**Maio, mes da
lingua**

**Letras 2014:
Xosé María
Díaz Castro**

**TDAH: cando
hai que
medicar?**



Interésanche as noticias relacionadas coa nosa lingua? Podes recibilas no teu correo dándote de alta no boletín do Observatorio da Lingua Galega en

<http://ir.gl/0a45e8>



MENU 1:33 PM

Tes na casa un mozo/a interesado en facer teatro ou radio? Anímao/a a participar nos obradoiros que organiza a Rede de Dinamización Lingüística. Pode informarse en <http://ir.gl/706745>

Nos próximos meses vanse celebrar en Galicia once feiras do libro novo e seis

do antigo e de ocasión. Seguro que unha cae cerca da túa casa! Podes consultar lugares e calendario en www.librarias.org



SAMSUNG

12:45 PM

BlackBerry 12:21 3G+ 55 3

Este ano o Día das Letras Galegas está dedicado a Xosé María Díaz Castro. Todo o que queiras sobre el, podes atopalo en <http://ir.gl/cb801f>

10:35

Do 19 ao 25 de maio non podes perder o XV Festival Internacional de Títeres de Redondela. Tes toda a información en <http://ir.gl/1821d1>



As Google Glass, as lentes intelixentes de Google, estarán preparadas para seren configuradas en galego. A nosa lingua na vangarda tecnolóxica.

A pregunta

TDAH: é sempre necesario un tratamento farmacolóxico?

Responde: María Jesús Sobrido Gómez

[Neuróloga e xenetista da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica]



O trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), consiste en síntomas cognitivos (dificultade para atender selectivamente a un mesmo estímulo, ignorando os estímulos irrelevantes, para planificar as accións e o tempo de cara a un obxectivo), así como de comportamento (impulsividade, dificultade para adaptarse). Poden predominar os primeiros, os segundos ou unha combinación e preséntase desde a idade preescolar á adulta. En ocasións pode haber ansiedade, trastornos do sono, tics ou ideas obsesivas. O diagnóstico de TDAH permite poñer en marcha medidas adecuadas para reducir o risco de fracaso escolar, problemas emocionais, sociais ou laborais. Non sempre é necesario un tratamento farmacolóxico. Débese avaliar se se trata dun TDAH illado ou asociado a outra enfermidade neurolóxica ou psiquiátrica (por exemplo, síndrome de Tourette, trastorno obsesivo-compulsivo). Se os síntomas non interfíren significativamente na vida cotiá e escolar, pode ser suficiente con apoio psicopedagóxico, coa aprendizaxe de pautas de estudo, de habilidades sociais e de técnicas de modificación de conduta (protocolos de recompensa, manexo do comportamento inapropiado con respostas predecibles e coherentes), tanto no colexio coma na casa. Os medicamentos para mellorar a atención e a hiperactividade divídense en estimulantes e non estimulantes (como a atomoxetina) e existen diversas presentacións farmacéuticas. En ocasións poden ser útiles os antidepressivos.



Pouca xente, ata este ano, oíra falar do poeta Xosé María Díaz Castro, unha circunstancia que podemos atribuír á súa reducida obra literaria, ao seu carácter discreto e ao feito de pasar unha boa parte da súa vida fóra de Galicia. Porén, estamos ante unha das meirandes personalidades poéticas da segunda metade do século XX no noso país, autor duns textos que habían deixar pegada nas seguintes xeracións poéticas.

Díaz Castro, o home que daba palabras ás cousas

Luis Gómez Aldegunde

[Profesor de Lingua e literatura galega no CPI dos Dices (Rois-A Coruña)]

Díaz Castro naceu no lugar do Vilariño, no concello lugués de Guitiriz, pero o poeta é froito do seminario de Mondoñedo, a onde a familia tivo a preocupación de o mandar para que estudase. O seminario de Mondoñedo é un lugar emblemático para a literatura galega porque se converteu nun auténtico viveiro de escritores, entre os que se contan Pastor Díaz, Noriega Varela e dous coetáneos de Díaz Castro: Crecente Vega e o seu amigo Aquilino Iglesia Alva-riño. A súa formación académica viuse interrompida pola Guerra Civil e cando quixo retomar os estudos, xa non foi quen de os rematar. Xaquín Campo Freire pensa que foi este trauma da guerra o que o fixo abandonar o seminario. Foi así como empezou a súa carreira docente no colexio León XIII de Vilagarcía, do que era director o seu amigo Aquilino. Con todo, a vida profesional de Díaz Castro desenvolveuse en Madrid, onde traballou como tradutor. A única obra de Díaz Castro é *Nimbos* (1961), un poemario no que destacan dous temas: o



sentimento relixioso e a Terra. O volume foi acollido con entusiasmo pola intelectualidade galega da época, pero non tivo gran difusión fóra dese círculo reducido. Os especialistas na súa obra, como Alfonso Blanco e Armando Requeixo, coinciden en sinalar a profundidade e a calidade dun poeta que cómpre descubrir por detrás dunha aparente sinxeleza que deita da consciente depuración da súa expresión poética. A escasa sorte de *Nimbos* tamén veu marcada por tratarse,


no seu momento, dunha obra contracorrente, xa que, poucos meses

despois, a propia editorial Galaxia ía publicar *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro, que se converteu no cumio da tendencia poética dominante naquela altura: o social-realismo que denunciaba as inxustizas da ditadura.

Un caso sobranceiro dentro dos seus textos é o poema

Penélope, presente en todas as antoloxías desde a súa publicación. Trátase dun poema no que soubo poñer de manifesto o devir histórico de Galicia e as nosas dúbidas como pobo: “Un paso adiante e outro atrás, Galiza, / i a tea dos teus soños non se move”. O poema, que tamén deixa enxergar a súa formación clásica, é cantado polo grupo musical A Quenlla, que o fixo aínda máis popular.

De volta ao seu Guitiriz natal, nos anos 80, entrou en contacto con autores novos (como Margarita Ledo Andión e Darío Xohán Cabana) e publicou algúns textos na revista *Dorna*. Pero, sobre todo, o que marcou o segundo descubrimento deste autor para a literatura galega foi o seu contacto con Alfonso Blanco e a Asociación Cultural Xermolos, que traballou desde aquela para o recoñecemento que merece o poeta. Léndomos *Nimbos* habemos ter ocasión de comprobar que, efectivamente, alumou con fachas de palabras o mundo que lle deron, tal e como deixou escrito no pórtico da súa obra. [Para máis información, poden verse os vídeos coordinados polo autor do artigo: <http://ir.gl/a3d896>]



{ADAPTACIÓN CURRICULAR [e 2]}

Seguimos falando das diferentes maneiras de adaptar o currículo ás necesidades dos estudantes. Se no número anterior comentabamos as adaptacións individualizadas, hoxe tócanos presentar a denominada “**adaptación de acceso ao currículo**”. Con ela tratamos de eliminar as barreiras físicas ou materiais coas que se atopan alumnos/as con problemas de mobilidade, auditivos ou visuais. Por exemplo, se temos un neno/a cego/a na clase, poderemos usar materiais en braille ou facer todos os exames orais. Cun neno/a xordo/a, podemos utilizar dispositivos de frecuencia modulada ou sinais luminosos.



As adaptacións curriculares son un tema moi complexo, pois obrigan a un estudo moi preciso das dificultades dos rapaces/zas e a un traballo coordinado de axuste entre o profesorado. É, por dicilo dalgún xeito, a “confección personalizada” que adapta os tecidos á nosa feitura, única e exclusiva. É o “traxe á medida” que nos ofrece a escola.

CADENCIAS

Gracia Santorum

Para ler

Moito conto [Enrique Páez e Marjotie Pourchet. Ed. OQO] Non resulta doado reunir nun só álbum a todos os personaxes dos contos clásicos. Un libro que semella tirado das técnicas narrativas de Rodari, facendo relacionar os diferentes personaxes das historias clásicas. A liberdade que outorgan os creadores aos personaxes permite que saian do seu ámbito cotián para internarse noutras situacións que procurarán unha sorpresa tras outra. O final resérvanos aínda unha nova sorpresa. Con fermosas ilustracións de técnica mixta.



ONDE VIVEN OS MONSTROS



TEXTO E ILUSTRACIÓNS DE MAURICE SENDAK

Para ler

Onde viven os monstros [Maurice Sendak. Ed. Kalandraka]. Se cremos que en todas as casas debe haber unha lavadora, nós opinamos que todas as casas deben posuír este libro. Porque hai cousas imprescindibles, e esta é unha delas. Porque é un clásico da Literatura Universal que vai moito máis alá da Literatura Infantil. E porque de cando en vez hai que volvelo a abrir, gozar e pechalo ata a próxima. Porque é unha alfaia ao alcance de todos nós: imaxes e texto dialogan na construción dunha historia aparentemente sinxela na que son posibles moitas lecturas, mesmo a psicoanalítica que o considera unha excelente maneira de amosar como os nenos e nenas fan fronte ás frustracións, utilizando a súa fantasía como arma de defensa contra os todopoderosos adultos.

Para visitar

Castro de San Cibrao de Las. O Castro de San Cibrao de Las, situado entre os concellos de San Amaro e Punxín, é un dos xacementos castrenses máis grandes e mellor conservados de Galicia. Este castro acaba de ser ampliado cun Centro de Interpretación: o Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa Lansbrica, un espazo onde coñecer esta etapa fundamental da Prehistoria galega a través dunha exposición que ofrece todas as claves para explotar os enigmas desta cultura.



Parque Arqueolóxico
da Cultura Castrexa
Lansbrica

Da lingua

Cancelas e ferrollos

Esta breve historia pode que sexa verídica.

A protagonista chámase Esther, é madrileña de orixe, ten vinte e nove anos. Durante unha breve etapa da súa vida trasládase a vivir na Coruña. Nese período descobre non só unha cidade marabillosa, senón tamén xentes que falan un idioma distinto ao seu. Ela non o dubida. Decide aprender esa lingua con sabor atlántico. Para integrarse. Para ser menos allea. Para enriquecerse, mais non con moedas, senón con palabras que abren cancelas e permiten descubrir novos universos.

Un día esa moza ponse a buscar emprego. Esa tarefa, como para tantos milleiros de persoas, resulta un labor complicado. Envía centos e centos de currículos. Un deles chega ata un hotel asturiano. Nese papeliño no que figuran os seus méritos e coñecementos, Esther deixa constancia do seu coñecemento da lingua galega. Algo que semella positivo, e que non fai dano a ninguén. Porque, supostamente, vivimos nunha sociedade plurilingüe que valora e recoñece a diversidade lingüística. Non si?

Se cadra, non. Como tantos outros, a propietaria do hotel asturiano rexeita o currículo de Esther, nun exercicio de liberdade empresarial. Ata aí nada estraño acontece, está no seu dereito a facelo. Mais non lle abonda. Hai un detalle nese currículo que lle provoca proídos, unha especie de estigma, como un pelo que aparece na sopa. Por que unha moza madrileña é tan parva para alegar o galego como mérito profesional? *Por favor, menudo atrevimiento! Que aprenda mejor inglés y se deje de una vez de dialectos regionales!*

E así anda o mundo: con persoas que abren portas e con outras que as atrancan con ferrollos. Mais sempre haberá quen diga que a culpa de levar golpes é do cravo por se poñer debaixo do martelo.

